

## A ADECUACIÓN

### Exercicio 1

*Imaxina que mañá non podes acudir á clase porque te encontras mal, porque che xurdiu unha viaxe importante... ou por calquera outra razón.*

**Redacta dous textos informando desa circunstancia que se adapten a estas situacións comunicativas:**

- a) Un correo electrónico para a túa titora.
- b) Un whatsapp para o grupo de clase ou para o teu mellor amigo/amiga.

**Explica as razóns das escollas lingüísticas en cada caso.**

## A COHERENCIA

### Exercicio 2

**Identifica as incoherencias destas oracións:**

- Alegrouse moito cando viu todos os agasallos enriba da mesa e comezou axiña a abrilos. Estaba desexando que chegase o día do seu aniversario.
- É unha película moi cruenta, menos mal que non hai derramamento de sangue.
- Tres reclusos fugáronse do cárcere despois de forzar a pechadura dunha porta e saltar pola ventá. Os dous son expertos en fugas.
- Tiña moitas ganas de ter esa guitarra. Porén, compreina.
- Xa sei que che gustou moito a película. Que mágoa que non puideses vela!
- Malia que os obreiros remataron a obra fóra de prazo, a directora mostrou a súa alegría ante a desaparición dos bolígrafos.
- Sempre que nos erguemos cedo poñemos o pixama antes de almorzar.

### Exercicio 3

**As seguintes oracións resultan ambiguas. Reesríbeas para que sexan coherentes.**

- Unha persoa falece por primeira vez a causa dun ciberataque.
- As zapatillas de muller con pelo que combinan con vaqueiros.
- O lobo miraba o año famento.

## A COHESIÓN

### Exercicio 4

*Unha simple coma varía o significado da oración. Así o demostra a coñecida resposta que lle deu o oráculo de Delfos a un soldado que tiña que partir á guerra e que quería coñecer o seu futuro: «Irás e volverás, nunca na guerra perecerás», interpretou o soldado. Mais nunca volveu pois o que o oráculo dixera foi: «Irás e volverás nunca, na guerra perecerás».*

**Explica a diferenza de significado destas oracións:**

- Non espero que veñas. / Non, espero que veñas.
- Luís dimite. / Luís, dimite.

- Os rapaces, tristes, volveron á casa. / Os rapaces tristes volveron á casa.
- Este piso é perfecto. Mellor nin o soñe. / Este piso é perfecto. Mellor, nin o soñe.
- Prohibido fumar gas inflamable. / Prohibido fumar, gas inflamable.

## Exercicio 5

**Engade na preparación desta receita os conectores textuais de orde.**

### TORTIÑAS DE ARANDOS

\_\_\_\_\_ *facemos un puré co plátano usando un garfo e engadimos a fariña de avea (moendo os flocos de avea) e mais a canela. Mesturamos ben.*

\_\_\_\_\_ *nunha tixola quente cunha culleradiña de aceite de oliva botamos unha cullerada de masa por tortiña.*

\_\_\_\_\_ *colocamos os arandos.*

\_\_\_\_\_ *deixamos que se faga ben e dámoslle a volta, deixando que se cociñe polo outro lado. E listo!*

*Os arandos tamén os podemos botar directamente na masa. E tamén podemos probar con framboesas ou amorodos.*

## Exercicio 6

**Observa a repetición da palabra «estralote» ao longo do texto. Reescribo substituíndo este termo por expresións equivalentes (sinónimos, hiperónimos), pronomes persoais, elipses...**

### DIGITALIS PURPUREA

O **estralote** (*Digitalis purpurea*) é probablemente a planta con máis nomes en galego (supera os 60). Velaquí algúns dos nomes do **estralote**: *abelloura, abrilla, estralos, estraloques, estoupallos, dedaleiras, croques, milcroques, herba da cobra, folla do sapo, herba de san Xoán...* Algúns dos nomes do **estralote** teñen que ver co estourido que provoca ao comprimir o extremo da flor ou campánula e premer para que faga «cloc».

Existe a crenza de que o raposo calza os **estralotes** para entrar sixiloso nos galiñeiros. O **estralote** é tóxico. O **estralote** usouse e úsase como medicamento para afeccións do corazón e para tratar trastornos dos ouriños, e especialmente contra as mordeduras de víbora. Aínda así, o uso libre e sen control das follas do **estralote** é moi perigoso e pouco recomendable, pois tamén é a responsable de numerosas mortes.

Crese que o **estralote** escorrenta as bruxas e, en xeral, os males para que a casa e os seus ocupantes non sufran meigallos. É por iso polo que se adoita poñer os **estralotes** nas portas, ventás e buratos das casas na noite de san Xoán (23 de xuño).

Galicia encantada (adaptación).